

Factores determinantes da disposición a pagar dos visitantes do espazo natural protexido (ENP) lagoa e areal de Valdoviño

Teba Félix Massa*

Universidade da Coruña – Facultade de Economía e Empresa

Recibido: 3 de abril de 2019 / Aceptado: 9 de setembro de 2019

Resumo

O método de valoración contingente (MVC) baséase na construción de mercados hipotéticos a través dunha enquisa, onde normalmente se lles pregunta aos entrevistados pola súa disposición a pagar (DAP) por un determinado ben que carece de mercado e, polo tanto, de prezo. O obxectivo principal deste traballo é identificar as variables explicativas que condicionan a DAP dos visitantes por gozar dun dos principais elementos do patrimonio natural de Galicia: o conxunto formado pola lagoa e o areal de Valdoviño. A información obtida pode ser de grande utilidade na análise custo-beneficio como fundamento das decisións políticas que afectan á xestión deste recurso natural.

Palabras clave

Disposición a pagar / Lagoa e areal de Valdoviño / Turismo sustentable / Método de valoración contingente / Patrimonio natural / Zonas húmidas.

Determinants of visitors' willingness to pay for natural resources. Case study of lagoon and sandy area of Valdoviño

Abstract

The contingent valuation method (CVM) is based on the construction of hypothetical markets through a survey where respondents are usually asked for their maximum willingness to pay (WTP) for a certain property that lacks market appeal and therefore of price. The main aim of the study is to identify and explain the variables that occur and condition tourists to pay to enjoy one of the main elements of the natural heritage areas within Galicia including: the coastal lagoon and sandy area of Valdoviño. The information obtained from this study would be very useful in developing a cost-benefit analysis that could be used to inform political decisions that affect the management of these natural resource.

Keywords

Willingness to pay / Sustainable tourism / Contingent valuation method / Coastal lagoon and sandy area of Valdoviño / Natural heritage / Wetland.

JEL Codes: Q01, Q26, Q51, Q57, O21.

1. Introducción

As zonas húmidas atópanse entre os ecosistemas máis produtivos do mundo ao proporcionar unha diversidade de servizos ecosistémicos que sustentan as nosas vidas (The Economics of Ecosystems and Biodiversity [TEEB], 2013; World Water Assessment Programme [UNESCO WWAP], 2015). Isto inclúe os servizos ecosistémicos culturais, tales como os valores estéticos, recreativos e espirituais que se manifestan en moitas zonas húmidas. Estes servizos explican a popularidade destas zonas como destinos turísticos que atraen a millóns de visitantes cada ano (Secretaría de la Convención de Ramsar sobre los Humedales [Ramsar] e Organización Mundial del Turismo [OMT], 2012).

* Correspondencia autora: tebafelix@gmail.com

As tendencias apuntadas polos turistas durante os últimos anos indican que a natureza e o medio ambiente son elementos cada vez con maior peso específico á hora de seleccionaren o seu destino vacacional (Cebrián, 2011; Martínez, 2017), e por iso as zonas húmidas son activos cada vez máis demandados e valorados.

A nivel mundial, o 35% das zonas húmidas catalogadas pola Convención de Ramsar –na actualidade son máis de 2.200 os sitios catalogados como tales– rexistraron algún tipo de actividade turística, porcentaxe que se repite de forma máis ou menos homoxénea en todas as rexións. En total, 680 ecosistemas deste tipo no mundo ofrecen a posibilidade de ser visitados polos turistas. No entanto, tamén é importante considerar o turismo en todas as zonas húmidas, non só as designadas como “sitios Ramsar”.

Segundo a Convención de Ramsar do ano 2012, a metade de todos os turistas internacionais viaxa a zonas húmidas, en especial ás que se atopan nas zonas costeiras, estimándose o gasto xerado en preto de 925.000 millóns de dólares anuais. A isto hai que agregarlle, por unha banda, o valor do turismo nacional e as viaxes recreativas dun só día, o que fai que o valor económico do turismo de zonas húmidas sexa moi elevado (Tapper, Hails, Zavagli e Cabrini, 2012) e, por outra, os 266 millóns de postos de traballo xerados por esta actividade (Ramsar, 2018).

Cómpre sinalar que o turismo é tan só un dos servizos dos ecosistemas que ofrecen as zonas húmidas, polo que garantir a sustentabilidade do turismo dentro e arredor destas zonas contribúe a que outros servizos se poidan soste, como por exemplo a pesca ou a agricultura.

Neste contexto, o turismo asociado ás zonas húmidas pode proporcionarlles beneficios económicos ás comunidades locais, así como contribuír á súa protección e recuperación. Non obstante, a partir da década de 1980, debido ao debate sobre os problemas de degradación ambiental, o turismo comezou a ser cuestionado polos impactos negativos que pode causar nos seus lugares de destino (Tarlombani, 2005). Así, o desenvolvemento de actividades turísticas no medio natural pode supoñer un risco ambiental, pois os espazos demandados son aqueles de alta calidade natural, paisaxística e cultural. Este carácter bifronte do turismo, no sentido de que pode producir efectos beneficiosos e prexudiciais, fai que o desenvolvemento turístico estea guiado por un plan de acción minuciosamente pensado, definido e formulado (Calderón, 2008).

Así as cousas, cabe pórmos de relevo que, pese á crecente conciencia de que as zonas húmidas son ecosistemas extremadamente valiosos, estas continúan degradándose (González, 2011). Algúns autores (Barbier, Acreman e Duncan, 1997; De Groot, Stuij, Finlayson e Davidson, 2007; Pearce e Turner, 1995) coinciden en sinalar que isto é debido a que non se están xestionando dun modo óptimo ao non se ter en conta todo o seu valor, así como os custos e beneficios dos seus posibles usos, pois os seus valores a miúdo carecen dunha expresión inmediata no mercado. Así, a valoración económica xorde para intentar asignarlles valores monetarios aos bens e servizos proporcionados polos recursos naturais, independentemente de se existen ou non prezos de mercado que axuden a esa valoración.

As zonas húmidas, igual que calquera outro ecosistema natural, non teñen prezo. A súa destrución supón unha perda irreparable, que non pode ser compensada co pagamento dunha cantidade económica. E aínda que a valoración económica destas zonas é un novo paradigma que presenta limitacións e riscos intrínsecos, sería pouco realista desestimalo e actuar unicamente a prol da conservación e do uso racional das zonas húmidas nun conxunto de valores enteiramente distintos (Barbier et al., 1997). Por iso, asignarlles un valor monetario ás súas funcións é un argumento de peso para a súa conservación e o seu uso racional.

Cando un recurso ambiental existe e proporciona bens e servizos sen ningún custo, un xeito de expresar o valor dos bens e servizos que proporciona é a *disposición a pagar* por eles, con independencia de que realmente se pague algo ou non (Osorio e Correa, 2009; Puignau, 1998). Así mesmo, a degradación ou a perda de recursos naturais constitúe un problema económico porque comporta a desaparición de valores importantes, en ocasións de maneira irreversible. As decisións respecto dun recurso ambiental –conservalo no seu estado natural, deixar que se degrade ou transformalo para destinalo a outro uso– ocasionan perdas ou ganancias de valores. Só se pode decidir como usar un recurso natural determinado se estas ganancias e perdas se analizan e avalían correctamente. Velaquí a necesidade de analizar detidamente

todos os valores susceptibles de gañarse ou perderse destinando o recurso aos distintos usos que admita (directo, indirecto, opción e existencia).

Esta análise tamén permite medir e comparar os distintos beneficios das zonas húmidas e pode servir de instrumento eficaz para facilitar e mellorar o uso racional e o manexo ou a xestión dos recursos das zonas húmidas do mundo. En certos casos, pode basearse nos custos económicos que tería que asumir a sociedade pola perda desas zonas húmidas ou dalgunhas das súas funcións, o que se denomina “valor marxinial” (Tomasini, 2008).

O principal obxectivo deste traballo é analizar as características da demanda turística no espazo natural protexido da lagoa e do areal de Valdoviño, xa que, sendo os visitantes e turistas os actores principais na xestión sustentable da área visitada, resulta fundamental coñecer o seu perfil actual para poder así acometer as medidas e accións máis adecuadas co fin de lograr a súa reconversión integral en clave de sustentabilidade. Un aspecto central deste traballo é a identificación dos factores que condicionan a DAP dos visitantes por gozar deste ben. Para cumprir este obxectivo combínase a revisión da literatura sobre esta temática, a documentación sobre a zona húmida e a realización de entrevistas estruturadas.

Esta investigación consta de cinco apartados. Logo desta introdución, no segundo apartado realízase unha breve descrición da área de estudo; no terceiro expónse a metodoloxía; no cuarto preséntanse os resultados; e, finalmente, expóñense as principais conclusións e a bibliografía.

2. Caso de estudo

A área de estudo está conformada pola lagoa de Valdoviño, o sistema de dunas e a praia da Frouxeira, que se sitúan ao noroeste de Galicia, na costa norte de Ferrol, no termo municipal de Valdoviño (A Coruña). A área limitada como espazo protexido é de 485,23 ha (Figura 1).




Figura 1. Localización e límites Ramsar da lagoa e do areal de Valdoviño. Fonte: Dirección Xeral de Conservación da Natureza (2007).

O espazo está incluído na Rede Natura 2000 de áreas protexidas (zona de especial protección para as aves [ZEPA] da Costa de Ferrolterra-Valdoviño e zona de especial conservación [ZEC] da Costa Ártabra). Tamén forma parte da Rede Galega de Espazos Protexidos, pois foi declarada zona húmida protexida no ano 2004 e conta coa declaración de zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN). Ademais, con carácter internacional, é considerada zona húmida de importancia internacional polo Convenio de Ramsar desde o ano 1992.

Con todo, malia a súa relevancia e singularidade, este espazo está sometido a importantes presións, principalmente as derivadas da proximidade da lagoa co medio urbano e da intervención do ser humano, tales como os sucesivos intentos de desecamento a comezos do século XX, a destrución parcial da barreira litoral debido á extracción de áridos, a presión agrícola e forestal con especies alóctonas, o desenvolvemento urbanístico descontrolado, a construción do paseo marítimo arredor da lagoa, a apertura desta de maneira artificial, e a construción de barreiras contra a marea negra (Asociación Ecolóxica Verdegaia, 2015; Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia [Adega], 2011; Dirección Xeral de Conservación da Natureza, 2014; Muñiz, 2012; Sociedade Galega de Historia Natural, 2017).

O Concello de Valdoviño ten un marcado carácter turístico estacional, especialmente apoiado nun sistema litoral formado por numerosas praias, entre elas a da Frouxeira. Por iso, a súa poboación –6.753 habitantes– chega ata os 20.000 habitantes nos meses de verán (Núñez e Bruquetas, 2010). Mais pouco se sabe sobre a afluencia turística na área protexida de Valdoviño, xa que, ata onde nós sabemos, non existe documentación ou información de detalle sobre este tema.

Por primeira vez na tempada estival do ano 2013 –e só nese ano– compatibilizouse a prestación de información turística coa recollida dalgúns datos sobre os visitantes, contabilizándose en 1.152 os visitantes atendidos na oficina no período comprendido entre o 25 de xuño e o 31 de agosto de 2013, na súa gran maioría españois. Por iso, o coñecemento é moi fragmentario, está falta de continuidade no tempo e, en xeral, é insuficiente para coñecer o número de visitantes que recibe Valdoviño e cales son as súas características e as das estancias que realizan.

Con todo, o turismo de verán principalmente, mais tamén o de fin de semana, provocou un cambio moi importante na economía de Valdoviño, pois favoreceu a instalación de establecementos turísticos (restaurantes, bares, cámpings, etc.) necesarios para satisfacer a demanda dunha poboación que aumenta na época estival. As empresas de servizos son as de maior actividade, contando con dous hotéis, unha pensión, dous establecementos de turismo rural, tres zonas de acampada regulada e vinte e cinco vivendas de uso turístico. Estes establecementos complétanse con 61 actividades de restauración e bares (Instituto Galego de Estatística [IGE], 2019).

Ademais, o gran desenvolvemento da construción supuxo a consolidación de Valdoviño como zona de segunda residencia e veraneo de Ferrol e da súa contorna. Este feito provocou o aumento no número de vivendas, especialmente na década dos anos setenta, cun gran peso específico das vivendas secundarias, que supoñen o 43% do total (IGE, 2011).

Pero aínda que o turismo se presenta como unha das alternativas máis favorables para o uso económico deste espazo natural, a súa afluencia masiva na época estival comporta unha serie de problemas como poden ser, entre outros, os seguintes:

1. Aparcamento e tránsito de vehículos dentro do espazo protexido. Este feito xera compactación, erradicación da vexetación, fragmentación do hábitat, desprazamento da fauna, achega de contaminantes, ruídos, fumes ou ampliación de zonas denudadas.
2. Presenza desordenada do turismo. As variacións de poboación que experimenta o municipio coa chegada de segundos residentes e visitantes en determinados períodos do ano constitúen un aspecto relevante da realidade local, á vez que supoñen un reto considerable desde o punto de vista da planificación e da xestión municipal. Ese incremento interfire sobre o funcionamento e a cobertura que os recursos e servizos do municipio ofrecen aos seus habitantes. Tal e como explican Pearce e Turner (1995): “existe o perigo de que os niveis de utilización leven á conxestión e á subseguinte deterioración da calidade do recurso en canto se exceda a capacidade de sustentabilidade da área”.

3. Pisaduras provocadas polo tránsito de persoas polas dunas e por outras zonas fóra dos carreiros establecidos.
4. Práctica de determinados deportes como *kitesurf*, *kite buggy* e outros que provocan un impacto directo sobre as aves e o seu benestar.

En definitiva, este espazo conta con certos enclaves que presentan unha destacada función recreativa, propiciada polas súas especiais calidades naturais e de accesibilidade, polo que resulta ineludible estimar o valor que os cidadáns lle asignan como un elemento clave para a súa xestión.

3. Metodoloxía

A valoración de bens e servizos para os que non existe mercado pódese realizar mediante técnicas indirectas e directas. No primeiro caso, destacan os métodos do custo da viaxe ou desprazamento e o dos prezos hedónicos; e no segundo, o método de valoración continxente (MVC). A aplicación destes métodos fundaméntase en que a ausencia de valoración destes recursos pode levar á súa sobreexplotación ou a un uso inadecuado; con todo, se eses bens mostran un prezo farase un uso máis eficiente deles (Samos e Bernabéu, 2011).

O MVC é o empregado neste estudo polos seguintes motivos: é o único método capaz de estimar valores de non uso (legado e existencia); permite realizar valoracións ex ante; en cada estudo deséñase o escenario de valoración de forma específica, permitindo propoñer facilmente unha ampla variedade de estados e de condicións para a súa aplicación (García e Colina, 2004).

Para realizar a estimación da valoración económica dun espazo natural mediante o MVC, é preciso pescudar o valor que as persoas lle conceden a un determinado recurso natural preguntándolle, é dicir, creando un mercado hipotético para un ben de non mercado. Na aplicación deste método hanse de seguir unha serie de fases. Débese definir o ben de que se trata, a poboación obxectivo, os elementos de simulación do mercado, o tipo de entrevista, o tamaño da mostra, a redacción do cuestionario, realizar as entrevistas, analizar as respostas e presentar e interpretar os resultados.

A aplicación do MVC neste estudo tivo como obxectivo o de pescudar o que estarían dispostos a pagar os visitantes do espazo natural de Valdoviño polo uso recreativo deste ben natural (valor de uso).

Este método pódese aplicar á gran maioría dos casos de valoración de bens e servizos naturais dunha forma sinxela; con todo, tamén presenta limitacións. Así, as estimacións provenientes do método de valoración continxente tenden a ser altamente sensibles ao deseño e formulación dos escenarios e ás preguntas de valoración e, polo tanto, moi susceptibles de verse afectadas por distintos tipos de desviacións. Algúns deles están relacionados co tamaño da mostra, coa modalidade da entrevista, coa percepción incorrecta do contexto, coas pistas implícitas para a avaliación, coa definición imprecisa dos dereitos de propiedade, coa posibilidade de elixir entre a disposición a pagar ou a disposición a ser compensado, comportamentos intencionados, etcétera (Martínez, Pulido e Moral, 2018). Estas desviacións potenciais poden ser minimizadas cun deseño coidado do cuestionario (Prada, 2001).

O cuestionario empregado nesta investigación elaborouse revisando outros traballos de investigación (Alfaro, 2006; Lee, 2009; Mmopelwa, Kgathi e Molefhe, 2007; Prada, 2001), así como tendo en conta os resultados da investigación no ámbito de valoración de bens públicos. Ademais, con anterioridade ao traballo de campo realizóuselles un pretest a algúns visitantes de Valdoviño elixidos aleatoriamente. En xeral, a fase de proba funcionou de maneira satisfactoria, polo que non se fixeron grandes modificacións ao cuestionario orixinal.

Neste traballo seleccionouse unha mostra aleatoria entre os visitantes do espazo natural. Realizáronse 160 entrevistas personais a visitantes do espazo natural da lagoa e do areal de Valdoviño durante os meses de xullo e agosto, por ser esta a época en que se concentra o maior número de visitantes. O tamaño mostral é similar aos tamaños de mostra usados noutros estudos españois similares (Castillo, Sayadi e Ceña, 2008; Hidalgo e Hidalgo, 2016; Urzainqui, De Andrés e Judez, 2002).

O cuestionario definitivo, que aparece no Anexo, está estruturado en cinco grupos de preguntas para obter información sobre estas cuestións: 1) experiencia previa do turista na área protexida; 2) características da visita, motivacións e actividades realizadas; 3) coñecemento real que se ten sobre o lugar, así como a satisfacción obtida; 4) percepción do pagamento dunha entrada e da restrición do acceso ao lugar; e 5) características do enquisado, información demográfica e socioeconómica sobre os visitantes.

A función principal do cuarto grupo de preguntas era obter información para o método de valoración contingente. En primeiro lugar, pregúntaselle ao entrevistado pola forma máis adecuada de financiamento da área protexida para, a continuación, formular a pregunta que recolle a disposición ao pagamento.

Para preguntar sobre a DAP, utilizouse o formato de pregunta pechada con seguimento (Hanemann, Loomis e Kannien, 1991; Hausman, 1993; Prada, 2001). Despois dunha resposta positiva a unha contía A (1 €), repetiuse a mesma pregunta cunha contía maior Au (2 €). Se a resposta á contía A (1 €) era negativa, repetíase a mesma pregunta cunha cantidade menor Ad (0,50 €). Con este formato foi posible detectar algúns enquisados que teñen un comportamento estratéxico: se cre que é real que debe pagar nun futuro, diminúe a valoración do ben ambiental, e viceversa (Osorio e Correa, 2004). En xeral, é difícil librarse por completo desta desviación, pero as análises realizadas ata a data da súa significación parecen probar que é pouco relevante nas respostas finais e que o formato pechado o minimiza (Prada, 2001). Co obxectivo de diferenciar as verdadeiras respostas “non” á cantidade proposta das respostas “protesta” pídeselle ao entrevistado que indique o motivo desta negativa, escollendo entre as categorías seguintes: pagaría menos do proposto, desconfía do uso do diñeiro, non lle dá valor á zona e non lle importa que se produza unha deterioración, cre que o acceso debería ser gratuito, ou ben non se cre que a Administración deixe de actuar sobre o espazo natural.

No proceso de elección dos prezos optouse por un rango de prezos suficiente (1, 2 e 0,50 €) que facilitase a tarefa do entrevistado ao delimitar a súa DAP e, á vez, que tratase de evitar o problema da ancoraxe (*anchoring*) a un só prezo indicativo que podería condicionar a decisión das persoas indecisas.

Unha vez determinada a percepción que tiñan os enquisados acerca do cobramento dunha entrada, tratamos de identificar as variables que condicionaban a DAP dos visitantes. Este exame realizouse en tres fases que se expoñen a continuación: a) análise de correlacións bivariadas, co obxectivo de avaliar a influencia que exerce a satisfacción obtida sobre a DAP; b) contraste de hipóteses de independencia das variables seleccionadas utilizando o estatístico Chi cadrado de Pearson, para ver cales destas explican a DAP e en que medida o fan; e c) contraste mediante ANOVA do grao de influencia das variables socioeconómicas sobre a DAP. O procesamento e a análise estatística da información obtida nas enquisas realizouse mediante o paquete estatístico SPSS 15.0 (Statistical Package for the Social Sciences).

4. Análise de resultados e discusión

4.1. Características dos visitantes e da visita

En primeiro lugar determináronse as características socioeconómicas dos visitantes. O 32,5% deles teñen unha idade comprendida entre os 31 e os 40 anos e estudos universitarios; o 55% son mulleres; un 60% son traballadores por conta allea; e teñen unha renda familiar media en torno aos 2.000 €.

En canto ás características das visitas destacan, nos resultados finalmente obtidos, as que se fan máis de 15 veces, cunha duración de medio día, desde o domicilio habitual e en vehículo propio, sendo o fluxo practicamente na súa totalidade turístico-recreativo.

A probabilidade de repetición da visita asóciase coa proximidade xeográfica e redúcese intensamente para os visitantes non galegos. Así, os visitantes da Coruña, cun 45,4% do total, son os que visitaron o lugar máis de 15 veces, do mesmo xeito que son os da área máis próxima os que realizan visitas máis prolongadas.

4.2. Análise da disposición ao pagamento dos visitantes

En segundo lugar analizouse a disposición a pagar dos visitantes pola entrada ao espazo natural protexido de Valdoviño; así mesmo, contrastáronse algunhas das conclusións obtidas con investigacións anteriores relativas ao obxecto de estudo.

A primeira conclusión é que a DAP por gozar deste ben ambiental, distribuída en tres categorías, como se explicou anteriormente, é negativa (Táboa 1). Así pois, no que respecta á DAP de 1 € o 57,5% dos individuos enquisados declara que non estaría disposto a pagar esa cantidade, mentres que un 41,3% dos suxeitos si o estarían.

Táboa 1. Análise descritiva da DAP entre os visitantes

	DAP 1 €		DAP 2 €			DAP 0,50 €		
	Si	Non	Si	Non	Non DAP 1 €	Si	Non	DAP 2 €
Frecuencia	66	92	22	47	88	54	81	23
Porcentaxe	41,3	57,5	13,8	29,4	55,0	33,8	50,06	14,4

Fonte: elaboración propia.

Por outra parte, cómpre sinalarmos que un 55% dos individuos respondeu negativamente á contía de 1 €, polo que, seguindo o formato de pregunta cerrada con seguimento, xa non foron preguntados sobre a súa DAP de 2 €. Pode concluírse que a DAP de 2 € por parte dos suxeitos que compoñen a mostra é negativa, con tan só un 29,4% que afirma estar disposto a satisfacer esa cantidade. Por último, a DAP de 0,50 € é negativa no caso do 50,06% dos suxeitos, que declara que non pagaría a contía proposta, fronte a un 33,8% que si o faría.

O exame dos motivos polos que os suxeitos que compoñen a mostra contestaron negativamente á pregunta de valoración pónse de manifesto na Táboa 2. O principal motivo dos entrevistados para rexeitar o pagamento proposto é a crenza de que o acceso debe ser gratuíto. As respostas protesta identificáronse con respostas do tipo: “non cre que a Administración deixe de actuar”, seguida de “pagaría menos do proposto”.

Táboa 2. Análise descritiva dos motivos dunha DAP negativa

Variables	Porcentaxe
Pagaría menos do proposto	1,3
Desconfía do uso do diñeiro	11,9
Cre que o acceso debería ser gratuíto	41,3
Non cre que a Administración deixe de actuar	1,3
Outros	3,8
Si está disposto a pagar	39,4
NS/NC	1,3

Fonte: elaboración propia.

Estudouse tamén cal sería para os visitantes a forma máis adecuada de financiar o custo de conservación da área protexida. A análise descritiva sinala o predominio dos suxeitos que opinan que os usuarios non deberían pagar nada (65%), e que todo o diñeiro proceda da Administración (Táboa 3).

Polo tanto, atendendo aos motivos da negativa dos enquisados á pregunta de valoración e a cal entenden que é a forma máis adecuada de financiamento, pode concluírse que os suxeitos que compoñen a mostra consideran o pagamento dunha entrada como algo negativo, como a “privatización dun ben público” e

non como un medio de financiar a conservación desta área. Isto pode ser debido ao descoñecemento xeral que existe sobre este ENP, xa que un 68,8% dos enquisados afirma non coñecer que este é un dos ecosistemas de maior singularidade e diversidade de Galicia, con seis figuras legais de protección –un 85% é incapaz de nomear algunha destas figuras–.

Táboa 3. Forma máis adecuada de financiamento do custo de conservación do ENP

Variables	Porcentaxe
Que o paguen só os usuarios cunha entrada	9,4
Que non pague nada o usuario e que todo proceda da Administración como ata agora	65,0
Que o paguen todos os usuarios e non usuarios cun imposto para espazos naturais	3,1
Que o diñeiro proceda da Administración e dos usuarios	19,4
Outros	3,1

Fonte: elaboración propia.

Unha vez determinada a percepción que teñen os enquisados acerca do cobramento dunha entrada para acceder á lagoa e ao areal de Valdoviño, pasamos a identificar as variables que condicionan a DAP dos visitantes.

Neste contexto, Lindberg (1991) sinala os seguintes factores como aqueles que poden influír na DAP en parques e áreas protexidas, e que deben ser incluídos nos estudos de valoración continxente: o desexo de ver, visitar e protexer un determinado espazo; a calidade da viaxe e o cumprimento das expectativas; os ingresos, a idade e o nivel educativo; e, por último, a existencia de bens substitutivos.

No entanto, tras a revisión da literatura que versa sobre o método de valoración continxente e o estudo de numerosos casos prácticos, cómpre resaltarmos que moitas outras variables poden influír sobre a DAP. Así, por exemplo, o coñecemento sobre o ben ou a satisfacción obtida polo visitante poden ter a miúdo un efecto significativo sobre a DAP (Dharmaratne, Sang e Walling, 2000; García e Colina, 2004; Kiami, Allahyari e Kavoosi-Kalashami, 2016; López e Pulido, 2014; López-Mosquera e Sánchez, 2011; Samos e Bernabéu, 2011; Togridou, Hovardas e Pantis, 2006; Wasantha, 2016).

De acordo con isto, seleccionáronse as variables que se presentan na Táboa 4 como as máis significativas para, a continuación, proceder á súa análise co fin de identificar aquelas que realmente condicionan a DAP dos visitantes enquisados e a medida en que o fan.

Táboa 4. Variables explicativas da DAP

Variable	Descrición
Satisfacción	Nivel de satisfacción de 1 a 7 que lle produciu a visita.
Frecuencia	Variable discreta que indica o número de visitas que realizou a Valdoviño.
Duración	Variable discreta que indica o tempo que permaneceu en Valdoviño.
Distancia	Variable dicotómica que indica se o visitante realiza a visita desde o seu domicilio habitual.
Coñecemento	Variable discreta que indica o nivel de información/coñecemento do ENP.
Motivos	Variable discreta que indica o motivo polo que o visitante non tería DAP.
Gastos	Gastos previstos do visitante en cinco categorías ascendentes.
Sexo	Variable dicotómica que indica o xénero do visitante.
Idade	Idade do visitante en seis categorías ascendentes.
Renda	Renda familiar mensual do visitante en 3 categorías ascendentes (media estimada 2.000 € brutos).
Ocupación	Actividade laboral do visitante: asalariado, estudante, empresario, xubilado, traballadora do fogar e outras situacións.
Nivel estudos	Variable discreta que indica o nivel educativo en cinco categorías.
Procedencia	Variable discreta que indica a procedencia dos visitantes.

Fonte: elaboración propia.

4.2.1. Estimación da influencia da satisfacción sobre a DAP

A continuación, presentamos a análise de correlacións bivariadas que realizamos co obxectivo de avaliar a influencia da satisfacción sobre a DAP dos visitantes de Valdoviño.

Alguns autores, como Del Saz e Suárez (1998), García e Colina (2004) ou López-Mosquera e Sánchez (2011), estudaron a influencia de determinados valores psicolóxicos, como a satisfacción, na valoración económica de bens naturais. Cronin, Brady e Hult (2000) ou Farré (2003) demostraron que canto maior fose o grao de satisfacción obtido polo usuario, maior sería a súa DAP e, polo tanto, maior sería a súa valoración do espazo analizado. Bigné, Andreu e Gnoth (2005) tamén acharon unha relación positiva entre a satisfacción e a valoración que o visitante lle concedía ao ben.

Os datos obtidos respecto da variable satisfacción indican que non existe ningún efecto estatisticamente significativo desta sobre ningunha das tres DAP obxecto de estudo: DAP 2 € ($R=-0,010$; sig.=0,902), seguida da DAP 1 € ($R=-0,043$; sig.=0,541) e da DAP 0,50 € ($R=-0,067$; sig.=0,398). Polo tanto, para o espazo analizado nesta investigación a satisfacción non resultou ser unha variable significativa, ao igual que ocorreu en estudos anteriores (García e Colina, 2004; Judez, Urzainqui e De Andrés, 2004; Togridou et al., 2006).

4.2.2. Contraste de hipóteses de independencia das variables seleccionadas

Nesta epígrafe preténdese interrelacionar determinados comportamentos e actitudes dos visitantes, así como características da visita, coa súa valoración económica. Así pois, utilizando o estatístico Chi cadrado de Pearson, analízase a influencia sobre a DAP das variables distancia, coñecemento, motivos, frecuencia, duración e gastos (Táboa 5).

Táboa 5. Resultados das probas de Chi cadrado

Variables	DAP 2 €	DAP 1 €	DAP 0,50 €
	Chi cadrado (sig. asint.)	Chi cadrado (sig. asint.)	Chi cadrado (sig. asint.)
Distancia	6,666 (0,083)	6,665 (0,036)	4,794 (0,188)
Coñecemento	27,054 (0,008)	30,844 (0,000)	37,245 (0,000)
Motivos	216,635 (0,000)	257,165 (0,000)	289,765 (0,000)
Frecuencia	35,762 (0,000)	25,221 (0,001)	25,708 (0,012)
Duración	6,100 (0,730)	3,736 (0,712)	8,687 (0,467)
Gastos	15,520 (0,214)	9,909 (0,271)	18,163 (0,111)

Fonte: elaboración propia.

En primeiro lugar, vaise tratar de contrastar a relación entre a frecuencia da visita e a valoración económica. Esta relación básica foi abordada por diferentes autores (Farré, 2003; López e Sánchez, 2011; Pérez-López e Roig, 2007), cuxas investigacións presentaron resultados contrapostos.

Así, nesta investigación a variable frecuencia da visita confirmase como un factor determinante da DAP: os valores da proba Chi cadrado de Pearson son menores que 0,005 nas tres DAP obxecto de estudo e, polo tanto, conclúese que a frecuencia de uso inflúe negativamente na DAP.

Pode entenderse que as persoas que visitan con maior asiduidade un espazo natural son as que están dispostas a pagar unha menor cantidade de diñeiro, xa que o nivel de uso do espazo é maior e isto lles xeraría un custo diario ou semanal que moitos non poderían asumir. De feito, Pérez-López e Roig-Munar (2007) concluíron que os residentes das zonas costeiras mostran unha menor DAP que os turistas, xa que os residentes son usuarios habituais do espazo e fan un uso maior do ben; porén, para os turistas as praias

son un ben escaso, polo que están dispostos a pagar máis diñeiro. Farré (2003) ou López-Mosquera e Sánchez (2011) tamén demostraron que o número de visitas a un espazo natural influía negativamente sobre a DAP.

A continuación, estúdase o efecto da variable duración da visita, no tocante á cal estudos anteriores sinalan que existe unha maior predisposición ao pagamento conforme maior é a estadía no destino (López e Pulido, 2014). No caso de Valdoviño, acéptase a hipótese nula de independencia entre a DAP e a variable de duración da visita, concluíndose para este caso concreto que esta variable non inflúe sobre a DAP.

En canto á variable distancia percorrida, os resultados do Chi cadrado permiten aceptar a súa dependencia con respecto á DAP de 1 € (sig. asint.=0,036), demostrándose así que o lugar desde o que se realiza a visita é un factor determinante da DAP. Neste caso, se se ten en conta como foi definida esa variable, pode afirmarse que os individuos que percorren unha menor distancia están menos dispostos a aceptar o prezo formulado que os individuos máis distantes do parque. Este resultado xa fora obtido por Del Saz e Suárez (1998), que concluíron que canto máis próximo reside un do lugar, maior será o número de visitas que realizará e, polo tanto, quererá que se lle aplique un prezo máis baixo. Igual resultado obtivo Prada (2001) no seu estudo sobre as Illas Cíes, onde se estimou que canto máis se gasta para chegar ao parque, máis probable é que se conteste si a unha certa contía.

Sobre os datos obtidos polo que respecta á variable coñecemento, pode concretarse que é un factor determinante da DAP, pois os resultados de significación asintótica son inferiores a 0,05 nas tres DAP. Neste sentido, existen diversos estudos e informes (FAO, 2004; Farré, 2003; Lindberg, 1991; Samos e Bernabéu, 2011; Togridou et al., 2006) nos que se afirma que a DAP dos usuarios de ENP aumenta se se ten maior coñecemento deles, polo que a DAP aumentaría con programas efectivos de educación ambiental.

Polo que se refire aos motivos polos que non se está disposto a pagar, os resultados revelan que o Chi cadrado de Pearson mostra un nivel de significación menor que 0,05 nas tres DAP, o que pon de manifesto que os motivos dos visitantes son un factor explicativo da súa DAP (un 41,3% dos visitantes cre que o acceso debería ser grauíto).

Por último, no caso dos gastos previstos acéptase a hipótese nula de independencia entre esa variable e as tres DAP, concluíndose que neste caso a previsión de gastos non inflúe sobre a DAP. A relación entre o orzamento para gastar e o gasto individual dos visitantes, dun lado, e a DAP, do outro, foi abordada noutros estudos. Así, por exemplo, Arriaza, González, Ruiz e Cañas (2002) encontraron unha correlación positiva entre estas variables; ou Robles (2012), quen determinou na súa investigación sobre o Parque Nacional de Huatulco que cando o orzamento destinado para a viaxe é maior, as persoas están dispostas a pagar menos que se o orzamento fose menor.

4.2.3. Contraste mediante ANOVA do impacto das variables socioeconómicas sobre a DAP dos visitantes de Valdoviño

Tras a revisión da literatura sobre a valoración económica dos ENP, cómpre resaltarmos que un gran número de investigacións (Del Saz, 1996; García e Colina 2004; Lindberg, 1991; Togridou et al., 2006; Wasantha, 2016) considera a existencia de diferenzas significativas na DAP en función dos trazos socioeconómicos dos usuarios.

Co fin de analizar a influencia das características socioeconómicas dos visitantes sobre a DAP empregouse a técnica de análise da varianza (ANOVA), cuxa significación se comprobou a través do estatístico F e o nivel crítico asociado. A continuación recóllense os modelos ANOVA para cada unha das variables sociodemográficas obxecto de análise (renda, idade, nivel de estudos, ocupación e procedencia).

A análise ANOVA permite afirmar cun nivel de confianza do 95% que existen diferenzas significativas nas DAP 1 € ($F=3,641$; sig.=0,029) e 2 € ($F=3,365$; sig.=0,037) segundo a renda dos usuarios. Daquela, pode afirmarse que a renda é un factor que inflúe na DAP, o que pode indicar que cantos máis ingresos ten o visitante enquisado, maior é a probabilidade de que acepte o pagamento formulado ou maior é a súa DAP, tal e como explica a teoría económica (Del Saz e García, 2002; Farré, 2003; Wasantha, 2016) (Táboa 6).

Doutra banda, confírmase que non existe unha diferenza significativa entre a DAP 0,50 € e o nivel de renda ($F=0,376$; $\text{sig.}=0,687$). A non significación da variable renda neste caso pode ser debida a que o prezo proposto é moi baixo e, polo tanto, o nivel de ingresos non é determinante ao tomar a decisión da DAP, tal e como ocorre nos resultados obtidos por Samos e Bernabéu (2011).

Con respecto á idade, os datos da Táboa 7 poñen de manifesto unha influencia significativa da idade sobre a DAP 1 € ($F=2,705$; $\text{sig.}=0,016$) e sobre a DAP 2 € ($F=2,254$; $\text{sig.}=0,041$), en liña con estudos anteriores (Jorgensen, Wilson e Heberlein, 2001; López e Pulido, 2014).

Táboa 6. Resultados ANOVA segundo a renda dos visitantes

		Suma de cadrados	Graos de liberdade	Media cuadrática	<i>F</i>	Sig.
DAP 1 €	Intergrupos	1,806	2	0,903	3,641	0,029
	Intragrupos	37,938	153	0,248		
	Total	39,744	155			
DAP 2 €	Intergrupos	3,639	2	1,820	3,365	0,037
	Intragrupos	82,720	153	0,541		
	Total	86,359	155			
DAP 0,50 €	Intergrupos	0,367	2	0,183	0,376	0,687
	Intragrupos	74,608	153	0,488		
	Total	74,974	155			

Fonte: elaboración propia.

Táboa 7. Resultados ANOVA segundo a idade dos visitantes

		Suma de cadrados	Graos de liberdade	Media cuadrática	<i>F</i>	Sig.
DAP 1 €	Intergrupos	4,066	6	0,678	2,705	0,016
	Intragrupos	38,334	153	0,251		
	Total	42,400	159			
DAP 2 €	Intergrupos	7,276	6	1,820	2,254	0,041
	Intragrupos	82,324	153	0,541		
	Total	89,600	159			
DAP 0,50 €	Intergrupos	2,550	6	0,183	0,835	0,545
	Intragrupos	77,894	153	0,488		
	Total	80,444	159			

Fonte: elaboración propia.

Así mesmo, dos resultados da Táboa 8 dérivase que a DAP non se ve nada influenciada pola variable nivel de estudos, xa que a significación é maior que 0,005 nas tres DAP obxecto de estudo, ao igual que en García e Colina (2004) ou en Shultz, Pinazzo e Cifuentes (1998), aínda que a maioría dos estudos mostran resultados contrarios e adoitan establecer unha relación positiva; é dicir, a maior nivel educativo maior DAP (Schläpfer e Bräuer, 2007; Wasantha, 2016), xa que estes individuos adoitan ser máis sensibles ante os problemas medioambientais (Del Saz e Suárez, 1998).

No referente á relación entre a ocupación e a DAP dos visitantes, non existe ningunha relación estatisticamente significativa entre esta variable e as tres DAP (Táboa 9).

A análise ANOVA que se mostra na Táboa 10 confirma que, efectivamente, non existe ningunha diferenza significativa entre as medias das DAP segundo a procedencia dos visitantes. Polo tanto, pode afirmarse que a DAP non aumenta, pero tampouco diminúe, en función da procedencia dos usuarios.

A continuación considérase a variable xénero, estudada frecuentemente en valoración continxente. Al-gúns estudos encontran diferenzas significativas na DAP en función do sexo (Jorgensen et al., 2001; Shultz et al., 1998), mentres que noutros estudos non (López e Pulido, 2014; Wasantha, 2016). No caso de Valdo-viño, a ANOVA permite afirmar cun nivel de confianza do 95% que non existen diferenzas significativas na DAP segundo o xénero dos visitantes (Táboa 11).

Táboa 8. Resultados ANOVA segundo o nivel de estudos dos visitantes

		Suma de cadrados	Graos de liberdade	Media cuadrática	F	Sig.
DAP 1 €	Intergrupos	0,404	4	0,101	0,389	0,816
	Intragrupos	39,672	153	0,259		
	Total	40,076	157			
DAP 2 €	Intergrupos	0,719	4	0,180	0,319	0,865
	Intragrupos	86,269	153	0,564		
	Total	86,987	157			
DAP 0,50 €	Intergrupos	2,360	4	0,590	1,242	0,296
	Intragrupos	72,678	153	0,475		
	Total	75,038	157			

Fonte: elaboración propia.

Táboa 9. Resultados ANOVA segundo a ocupación dos visitantes

		Suma de cadrados	Graos de liberdade	Media cuadrática	F	Sig.
DAP 1 €	Intergrupos	2,806	6	0,468	1,807	0,101
	Intragrupos	39,594	153	0,259		
	Total	42,400	159			
DAP 2 €	Intergrupos	4,285	6	0,714	1,281	0,269
	Intragrupos	85,315	153	0,558		
	Total	89,600	159			
DAP 0,50 €	Intergrupos	4,863	6	0,810	1,641	0,140
	Intragrupos	75,581	153	0,494		
	Total	80,444	159			

Fonte: elaboración propia.

Táboa 10. Resultados ANOVA segundo a procedencia dos visitantes

		Suma de cadrados	Graos de liberdade	Media cuadrática	F	Sig.
DAP 1 €	Intergrupos	3,062	7	0,437	1,690	0,115
	Intragrupos	39,338	152	0,259		
	Total	42,400	159			
DAP 2 €	Intergrupos	4,511	7	0,650	1,162	0,328
	Intragrupos	85,049	152	0,560		
	Total	89,600	159			
DAP 0,50 €	Intergrupos	5,037	7	0,720	1,450	0,189
	Intragrupos	75,407	152	0,496		
	Total	80,444	159			

Fonte: elaboración propia.

Táboa 11. Resultados ANOVA segundo o xénero dos visitantes

		Suma de cadrados	Graos de liberdade	Media cuadrática	F	Sig.
DAP 1 €	Intergrupos	0,198	1	0,198	0,741	0,391
	Intragrupos	42,202	158	0,267		
	Total	42,400	159			
DAP 2 €	Intergrupos	0,009	1	0,009	0,016	0,899
	Intragrupos	89,591	158	0,567		
	Total	89,600	159			
DAP 0,50 €	Intergrupos	1,291	1	1,291	2,577	0,110
	Intragrupos	79,153	158	0,501		
	Total	80,444	159			

Fonte: elaboración propia.

A análise de estudos de valoración contingente previos, así como da literatura existente, fai que sorprenda que as variables explicativas de nivel de estudos e satisfacción non teñan ningunha relación estatisticamente significativa coa DAP. Segundo Shultz et al. (1998), isto pode ser debido a factores como, por exemplo, a necesidade de tomar unha mostra máis xeral que inclúa, ademais dos visitantes reais, os potenciais; a elección de pregunta dicotómica na DAP; ou que os enquisados non respondan con veracidade ás preguntas sobre a súa DAP.

5. Conclusións

A valoración económica dos espazos naturais resulta de grande interese, xa que proporciona unha valiosa información que pode ser utilizada na toma de decisións tanto relativas ás políticas de protección e conservación do medio ambiente como relacionadas co seu uso recreativo polos visitantes. Non obstante, esta valoración de bens naturais non está exenta de dificultades, xa que se trata duns bens que carecen de mercado e, por conseguinte, a súa demanda social non queda explicitada a través dun prezo de mercado.

Co fin de paliar esta circunstancia aplicouse o método de valoración contingente e propúxoselles aos visitantes da lagoa e do areal de Valdoviño o pagamento dunha entrada por acceder ao lugar, para o cal se empregou o formato de pregunta dicotómica pechada con seguimento onde se ofrecen tres opcións de pagamento: 0,50 €, 1 € e 2 €. Á súa vez, identificáronse e estudáronse as variables que explican ou condicionan esta DAP, e obtívose que a frecuencia da visita, a distancia percorrida e o coñecemento sobre o ENP son variables determinantes da DAP. Do mesmo modo, atopouse que as variables socioeconómicas de renda e idade presentan unha influencia significativa sobre a DAP.

Polo que respecta aos motivos da negativa dos enquisados á pregunta de valoración¹ e a cal entenden que é a forma máis adecuada de financiamento, pode concluírse que os suxeitos que compoñen a mostra entenden o pagamento dunha entrada como algo negativo, como a “privatización dun ben público” e non como un medio de financiar a conservación desta área. Isto pode ser debido ao descoñecemento xeral que existe sobre este ENP, xa que, como se mencionou anteriormente, un 68,8% dos enquisados afirma non coñecer que este é un dos ecosistemas de maior singularidade e diversidade de Galicia, con seis figuras legais de protección e que un 85% é incapaz de nomear algunha de tales figuras.

¹ Aínda que os resultados obtidos resultaron ser bastante satisfactorios, conviría abordar con maior profundidade a medición da DAP, quedando para unha futura liña de investigación a realización dunha enquisa a maior escala, na cal se amplíe o tamaño da mostra (tamén non usuarios) e se suxiran diversas contías que pagar, co obxectivo de obter a disposición a pagar media e establecer así o importe que se deberá atribuír en concepto de entrada ao espazo.

Así, a solución que cómpre formular podería ir nun destes sentidos:

- Dado que, como xa se indicou, o descoñecemento tanto do patrimonio natural en si como da súa importancia é un dos problemas aos que se enfronta a posta en valor no ámbito do turismo do ENP de Valdoviño, propónse intentar modificar as pautas de comportamento do actual visitante, mellorando o seu coñecemento en materia de sustentabilidade, a súa conciencia ambiental e, consecuentemente, a súa solidariedade co espazo natural ata o punto de aumentar a súa DAP.
- Ou reposicionarse no mercado, buscando segmentos de demanda que si valoren os produtos turísticos sostibles que o espazo natural puidese ofrecer tras este proceso, incidindo principalmente en aspectos como a desestacionalización das visitas, a prevención de episodios de masificación, a adecuación de infraestruturas ou a diversificación da oferta e os contidos interpretativos, problemas todos eles vinculados á presenza desordenada do turismo en época estival no ENP.

En calquera dos dous casos deben emprenderse accións estratéxicas dirixidas tanto á oferta como á demanda, incluíndo no proceso todos os elementos propios do sistema turístico con capacidade de actuación e decisión (poboación local, tecido empresarial e o propio visitante-turista).

Resulta moi difícil cambiar as pautas de comportamento adquiridas, pero para que a decisión e a elección do turista sexa responsable é necesario que dispoña de información relevante. Neste sentido, a educación ambiental produce efectos positivos para os ENP, ao axudar a crear hábitos de comportamento responsable e respectuoso cos recursos e valores naturais. Xa que logo, os centros de información e interpretación poden desenvolver un papel importante nos programas de educación ambiental, dado que se recoñece que a súa existencia incide positivamente na conservación dos recursos naturais, xa que unha visita ao centro permite mellorar a calidade da experiencia recreativa do visitante e inspirar un maior aprecio polo recurso (Arcila e López, 2015).

Así, o destino debe, en primeiro lugar, ofrecer produtos e servizos que realmente se baseen na filosofía da sustentabilidade, pois esta pode axudar a revalorizalo como un lugar único, diferenciado e responsable. E, finalmente, debe comunicárselles o cambio de actitude aos visitantes actuais e potenciais. A este respecto é importante sinalarmos que a introdución de tarifas novas é máis doada de aceptar cando existe unha intención clara de mellorar o servizo para os visitantes (Bengston e Fan, 2001; Bowker, Cordell e Johnson, 1999; Steckenreuter e Wolf, 2013). Por iso, tan importante como a obtención de fondos é a súa xestión, pois son moitas as ocasións en que os sistemas de cobramento non proporcionaron os beneficios esperados e crearon unha grande insatisfacción entre os visitantes por unha xestión deficiente deles (Muñoz e Benayas, 2012).

De feito, diversos estudos indican que en países desenvolvidos unhas tarifas modestas non inflúen, polo xeral, no número de visitantes (Buckley, 2003; Ostergren, Solop e Hagen, 2005; Reynisdottir, Song e Agrusa, 2008). Polo tanto, tal e como indica Buckley (2003), estas tarifas deberán ser utilizadas principalmente para adquirir ingresos para o ENP máis que como instrumento de limitación de visitantes.

Anexo. Cuestionario utilizado

Bos días/tardes, estou realizando unha investigación para a Universidade da Coruña co fin de estudar o valor que ten para os visitantes este espazo natural, así como coñecer as súas actividades e opinións. Garantímoslle o anonimato e a confidencialidade das súas respostas.

PREGUNTAS INTRODUTORIAS RELATIVAS Á EXPERIENCIA PREVIA DO TURISTA COA ÁREA PROTEXIDA

P1. É a primeira vez que visita un espazo natural protexido?

A. Si (pasar a P6)		B. Non (pasar a P2)		C. Ns/Nc	
--------------------	--	---------------------	--	----------	--

P2. Podería indicar cal ou cales? _____

P3. Con que frecuencia adoita vostede visitar espazos naturais?

A. Unha vez ao ano	
B. De dous a catro veces ao ano	
C. Máis de catro veces ao ano	
D. Outras	

P4. É esta a súa primeira visita a Valdoviño?

A. Si (pasar a P6)		B. Non (pasar a P5)	
--------------------	--	---------------------	--

P5. Cantas veces separadamente desta estivo antes? _____

VISITA Á LAGOA E AO AREAL DE VALDOVIÑO

P6. Canto tempo permanecerá nesta visita?

A. Medio día		B. Un día completo		C. Dous días		D. Tres días ou máis	
--------------	--	--------------------	--	--------------	--	----------------------	--

P7. Cal é o motivo principal polo que se atopa neste lugar?

A. Interese cultural	
B. Interese de estudo/traballo	
C. Interese gastronómico	
D. Interese naturalístico/ecoturístico	
E. Proximidade á localidade de vacacións	
F. Proximidade á localidade de residencia	
G. Visitar a familiares e/ou amigos	
H. Turismo de sol e praia	
I. Dar a coñecer o lugar a amigos/familiares que non estiveron	
J. Outros	

P8. Podería dicirme cal das seguintes actividades realizou durante a súa visita? (marque cun X a ou as actividades que realice)

A. Gozar da praia	
B. Observar/estudar as aves e/ou a vexetación	
C. Realizar sendeirismo	
D. Realizar deportes náuticos	
E. A fotografía	
F. Realizar cicloturismo	
G. Gozar da gastronomía local	
H. Realizar deportes de aventura	
I. Outros	

P9. Quen lle acompañou na realización desta viaxe?

A. Só	
B. En parella	
C. Con familiares e/ou amigos	
D. Compañeiros de traballo	
E. Grupo organizado	

P10. Realiza a visita desde o seu domicilio habitual?

A. Si (pasar a P12)		B. Non (pasar a P11)	
---------------------	--	----------------------	--

P11. En que tipo de aloxamento se hospedou durante esta visita?

A. Hotel	
B. Cámping	
C. Pensión	
D. Casa de familiares e/ou amigos	
E. Casa alugada	
F. Segunda residencia	

P12. Que medio de transporte utilizou para chegar á área protexida?

A. Camiñando	
B. Autobús público	
C. Autocar (privado)	
D. Coche alugado	
E. Vehículo particular	
F. Outros	

P13. Pode estimar os gastos previstos durante a súa visita? (Consumo en bares, restaurantes, compra artigos locais, etc.) _____

PERCEPCIÓN SOBRE A ÁREA PROTEXIDA

P14. Indique, por favor, a través de que fontes de información turística tivo coñecemento deste lugar

A. Axencia de viaxes	
B. Amigos e/ou familiares	
C. Catálogos de tour operadores	
D. Publicidade en medios masivos (prensa, radio, TV)	
E. Internet	
F. Guías turísticas	
G. Artigos, noticias, reportaxes, documentais	

P15. Sabe vostede que a lagoa e o areal de Valdoviño é un dos ecosistemas de maior singularidade e diversidade de Galicia e que ademais posúe seis figuras legais de protección como espazo natural?

A. Si (pasar a P16)		B. Non (pasar a P17)	
---------------------	--	----------------------	--

P16. Podería indicar o nome dalgunha das figuras de protección? _____

P17. Indique, por favor, que valoración faría dos seguintes aspectos da xestión actual (marque cun X a casa que proceda tendo en conta que 1=pésima e 7=excelente)

	1	2	3	4	5	6	7
A. Sinalización de recursos para a visita (paneis informativos)							
B. Limpeza e servizos da praia							
C. Oferta de restauración							
D. Oferta de aloxamento							
E. Infraestruturas de acceso							
F. Urbanismo na zona protexida							
G. Demasiada xente en época estival							
H. Oferta de lecer							
I. Coidado e protección da lagoa							
J. Coidado e protección das dunas e do areal da Frouxeira							
J. Educación ambiental							
K. Promoción e información turística							

P18. Indique, por favor, a opinión que ten respecto da satisfacción obtida coa súa visita (marque cun X a que proceda tendo en conta que 1=totalmente insatisfeito; 7=totalmente satisfeito)

Grao de satisfacción coa miña visita á área protexida de Valdoviño	1	2	3	4	5	6	7
--	---	---	---	---	---	---	---

P19. Ten vostede intención de regresar e/ou de recomendar este lugar?

A. Si		B. Non		C. Ns/Nc	
-------	--	--------	--	----------	--

PERCEPCIÓN SOBRE O PAGAMENTO DUNHA ENTRADA E RESTRICIÓN DE ACCESO

P20. Cal lle parece a forma máis adecuada de financiamento do custo de conservación da área protexida?

A. Que o paguen só os usuarios cunha entrada	
B. Que non pague nada o usuario e todo proceda da Administración como ata agora	
C. Que o paguen todos os usuarios e non usuarios cun imposto para espazos naturais	
D. Que o diñeiro proceda da Administración e dos usuarios	
E. Outros	

P21. Estaría disposto a pagar unha entrada diaria de 1 € para acceder á área?

A. Si (pasar a P22)		B. Non (pasar a P23)	
---------------------	--	----------------------	--

P22. Pagaría unha entrada diaria de 2 €?

A. Si (pasar a P25)		B. Nno (pasar a P23)	
---------------------	--	----------------------	--

P23. Pagaría unha entrada diaria de 0,50 €?

A. Si (pasar a P25)		B. Non (pasar a P24)	
---------------------	--	----------------------	--

P24. Podería dicirme algún motivo polo que non está disposto a pagar?

A. Pagaría menos do proposto	
B. Desconfía do uso do diñeiro	
C. Non lle dá valor á zona, non lle importa que se produza unha deterioración	
D. Cre que o acceso debería ser gratuíto	
E. Non se cre que a Administración deixe de actuar	
F. Outros	

INFORMACIÓN DEMOGRÁFICA E SOCIOECONÓMICA

As súas respostas son anónimas, pero necesitamos valoralas en relación con algunhas das súas características persoais. Por iso, poderíame dicir...

P25. Sexo

A. Muller		B. Home	
-----------	--	---------	--

P26. Idade

A. Menor de 18 anos	
B. Entre 18 e 30 anos	
C. Entre 31 e 40 anos	
D. Entre 41 e 50 anos	
E. Entre 51 e 60 anos	
F. Maior de 61 anos	

P27. Lugar de procedencia

A. País	
B. Comunidade Autónoma	
C. Provincia	

P28. Ocupación

A. Estudante	B. Xubilado	C. Desempregado
D. Traballador por conta propia	E. Traballador por conta allea	F. Tarefas do fogar

P29. Nivel de estudos

A. Primarios	B. Secundaria	C. FP	D. Universitarios	E. Sen estudos
--------------	---------------	-------	-------------------	----------------

P30. Renda familiar mensual (media estimada en 2.000 € brutos)

A. Por baixo da media
B. Similar á media
C. Por riba da media

Bibliografía

- Adega. (2011). *O humidal de Valdoviño: crónica dunha deconstrución planificada pola Xunta e o Ministerio*. Santiago de Compostela: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza. Recuperado de <http://adega.gal/info/090121joomla/novas-adega-ferrolterra/671-o-humidal-de-valdovino-cronica-dunha-deconstrucion-planificada-pola-xunta-e-o-ministerio>
- Alfaro García, E. (2006). La satisfacción del turista en España. Un análisis de los estudios Familiar y Frontur. *Estudios Turísticos*, 168, 47-59. Recuperado de <http://estadisticas.tourspain.es/img-iet/revistas/ret-168-2006-pag49-59-97138.pdf>
- Arcila, M., e López, J. A. (2015). Los centros de interpretación como motor de desarrollo turístico local, ¿un modelo fracasado? El caso de la provincia de Cádiz. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 67, 143-165. DOI: <https://doi.org/10.21138/bage.1821>
- Arriaza, M., González, J., Ruiz, P., e Cañas, J. A. (2002). Determinación del valor de uso de cinco espacios naturales protegidos de Córdoba y Jaén. *Estudios Agrosociales y Pesqueros*, 196, 153-172. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=326387>
- Asociación Ecoloxista Verdegaiá. (2015). *Demandamos a retirada do plano de conservación da Frouxeira por obedecer a intereses particulares e partidistas*. Santiago de Compostela: Asociación Ecoloxista Verdegaiá. Recuperado de <http://www.verdegaiá.org/wp/demandamos-a-retirada-do-plano-de-conservacion-da-frouxeira-por-obedecer-a-intereses-particulares-e-partidistas/>
- Barbier, E. B., Acreman, M., e Duncan, K. (1997). *Valoración económica de los humedales. Guía para decisores y planificadores*. Gland, Suiza: Oficina de la Convención Ramsar. Recuperado de https://www.ramsar.org/sites/default/files/documents/pdf/lib/lib_valuation_s.pdf
- Bengston, D. N., e Fan, D. P. (2001). Trends in attitudes toward the recreational fee demonstration program on the national forests: A computer content analysis approach. *Journal of Park & Recreation Administration*, 19(4), 1-21. Recuperado de <https://js.sagamorepub.com/jpra/article/view/1559>
- Bigné, E., Andreu, L., e Gnoth, J. (2005). The theme park experience: An analysis of pleasure, arousal and satisfaction. *Tourism Management*, 26(6), 833-844. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.tourman.2004.05.006>
- Bowker, J. M., Cordell, H. K., e Johnson, C. Y. (1999). User fees for recreational services on public lands: A national assessment. *Journal of Park & Recreation Administration*, 17(3), 1-14. Recuperado de <https://www.fs.usda.gov/treearch/pubs/1372>
- Buckley, R. (2003). Pay to play in parks: An Australian policy perspective on visitor fees in public protected areas. *Journal of Sustainable Tourism*, 11(1), 56-73. DOI: <https://doi.org/10.1080/09669580308667193>
- Calderón, L. M. (2008). *Evaluación de la presencia de perros (Canis familiaris) en humedales de la Sabana de Bogotá (Colombia) y su efecto potencial sobre la fauna silvestre*. (Tese de pregrado). Bogotá, Colombia: Universidad de los Andes. Recuperado de http://oab.ambientebogota.gov.co/?post_type=dlm_download&p=3959
- Castillo, M. E., Sayadi Gmada, S., e Ceña Delgado, F. (2008). El valor del uso recreativo del Parque Natural Sierra de María-Los Vélez (Almería). *Economía Agraria y Recursos Naturales*, 8(2), 49-72. DOI: <https://doi.org/10.7201/earn.2008.02.03>
- Cebrián Abellán, A. (2011). El turismo de naturaleza en Murcia: la región de los cien humedales. *Cuadernos de Turismo* (27), 183-204. Recuperado de <https://revistas.um.es/turismo/article/view/139831>

- Cronin, J. J., Brady, M. K., e Hult, G. T. M. (2000). Assessing the effects of quality, value, and customer satisfaction on consumer behavioral intentions in service environments. *Journal of Retailing*, 76(2), 193-218. DOI: [https://doi.org/10.1016/S0022-4359\(00\)00028-2](https://doi.org/10.1016/S0022-4359(00)00028-2)
- De Groot, R., Stuij, M. A. M., Finlayson, C. M., e Davidson, N. (2007). Valoración de humedales. Lineamientos para valorar los beneficios derivados de los servicios de los ecosistemas de humedales. *Informe Técnico de Ramsar*, 3. Gland, Suiza: Secretaría de la Convención de Ramsar / Montreal, Québec, Canadá: Secretaría del Convenio sobre la Diversidad Biológica. Recuperado de https://www.ramsar.org/sites/default/files/documents/pdf/lib/lib_rtr03_s.pdf
- Dharmaratne, G. S., Sang, F. Y., e Walling, L. J. (2000). Tourism potentials for financing protected areas. *Annals of Tourism Research*, 27(3), 590-610. DOI: [https://doi.org/10.1016/S0160-7383\(99\)00109-7](https://doi.org/10.1016/S0160-7383(99)00109-7)
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza. (2007). *Ficha Informativa Ramsar (FIR)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza (2014). *Plan de conservación do humidal protexido "Lagoa e Areal de Valdoviño"*. Informe de Sustentabilidade Ambiental. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- FAO. (2004). *Payment schemes for environmental services in watersheds-Sistemas de pago por servicios ambientales en cuencas hidrográficas*. Rome, Italy: Food and Agriculture Organization of the United Nations. Recuperado de <http://www.fao.org/docrep/006/y5305b/y5305b00.htm#Contents>
- Farré, M. (2003). El valor del uso recreativo de los espacios naturales protegidos. Una aplicación de los métodos de valoración contingente y del coste del viaje. *Estudios de Economía Aplicada*, 21(2), 297-320. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=652982>
- García, L., e Colina, A. (2004). Métodos directos e indirectos en la valoración económica de bienes ambientales. Aplicación al valor de uso recreativo del Parque Natural de Somiedo. *Estudios de Economía Aplicada*, 22(3), 811-838. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1067582>
- González, R. (2011). Los humedales están de celebración. *Aves y Naturaleza*, 6, 8-10. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3660343>
- Hanemann, M., Loomis, J., e Kanninen, B. (1991). Statistical efficiency of double-bounded dichotomous choice contingent valuation. *American Journal of Agricultural Economics*, 73(4), 1255-1263. DOI: <https://doi.org/10.2307/1242453>
- Hausman, J. A. (Ed.). (1993). *Contingent valuation: A critical assessment*. Amsterdam, Netherlands: North Holland.
- Hidalgo Fernández, A., e Hidalgo Fernández, R. (2016). Lagunas de Zoñar y del Rincón (Córdoba, España). Aproximación a su valor recreativo. *Cuadernos Geográficos de la Universidad de Granada*, 55(1), 309-331. Recuperado de <https://revistaseug.ugr.es/index.php/cuadgeo/article/view/3201/0>
- IGE. (2011). *Vivendas por municipios segundo o tipo de vivenda*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estadística. Recuperado de <http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5619&paxina=001&c=0304004>
- IGE. (2019). *Aloxamentos turísticos*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estadística. Recuperado de <http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=ve-rEjes.jsp?COD=1826&M=1&S=9913:15087&RET=>
- Jiménez, L. M. (2007). Hacia la sostenibilidad turística en España. *Estudios Turísticos*, 172-173, 73-79. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2546829>
- Jorgensen, B. S., Wilson, M. A., e Heberlein, T. A. (2001). Fairness in the contingent valuation of environmental public goods: attitude toward paying for environmental improvements at two levels of scope. *Ecological Economics*, 36, 133-148. DOI: [https://doi.org/10.1016/S0921-8009\(00\)00210-X](https://doi.org/10.1016/S0921-8009(00)00210-X)
- Judez Asensio, L., Urzainqui Miqueleiz, E., e Andrés Gómez de Barreda, R. de. (2003). Método de valoración contingente en espacios naturales protegidos. En J. Martínez Vega e M. A. Martín Lou (Eds.), *Métodos para la planificación de espacios naturales protegidos*. Madrid: CSIC.
- Kiami, F., Allahyari M. S., e Kavooosi-Kalashami, M. (2016). An investigation on the recreational value of Masouleh Village, Iran. *Tourism Planning & Development*, 13(1), 111-119. DOI: <https://doi.org/10.1080/21568316.2015.1076508>
- Lee, T. H. (2009). A structural model to examine how destination image, attitude, and motivation affect the future behavior of tourists. *Leisure Sciences*, 31(3), 215-236. DOI: <https://doi.org/10.1080/01490400902837787>
- Lindberg, K. (1991). *Policies maximizing nature tourism's ecological and economic benefits*. Washington, DC: World Resources Institute. Recuperado de http://pdf.wri.org/policiesmaximizingnaturetourism_bw.pdf
- López, Y., e Pulido, J. I. (2014). Factores determinantes de la disposición a pagar por un destino más sostenible. El caso de la costa del sol occidental. *Cuadernos de Turismo*, 33, 199-231. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4649325>

- López-Mosquera, N., e Sánchez, M. (2011). The influence of personal values in the economic-use valuation of peri-urban green spaces: An application of the means-end chain theory. *Tourism Management*, 32, 875-889. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.tourman.2010.08.003>
- Martínez Quintana, V. (2017). El turismo de naturaleza: un producto turístico sostenible. *Arbor: Ciencia, Pensamiento y Cultura*, 193(785). DOI: <http://dx.doi.org/10.3989/arbor.2017.785n3002>
- Martínez, C., Pulido, J. I., e Moral, E. (2018). El turismo cultural en la ciudad de Jaén: la disposición a pagar por marroquies bajos. *Boletín: Instituto de Estudios Giennenses*, 218, 11-42. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6961174>
- Mmopelwa, G., Kgathi, D.L., e Molefhe, L. (2007). Tourists' perceptions and their willingness to pay for park fees: A case study of self-drive tourists and clients for mobile tour operators in Moremi Game Reserve, Botswana. *Tourism Management*, 28(4), 1044-1056. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.tourman.2006.08.014>
- Muñiz, X. A. (2012). Humidal da Frouxeira. Víctima da negligencia da Administración. *Cerna: Revista Galega de Ecoloxía e Medio Ambiente*, 67, 19-21. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3958204>
- Muñoz, M., e Benayas, J. (2012). *El uso público en la Red de Parques Nacionales de España. Una propuesta de evaluación*. Madrid: Organismo Autónomo de Parques Nacionales. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=560158>
- Núñez, L. A., e Bruquetas, A. (11 de xullo de 2010). Cinco municipios de la zona captan en verano más de 50.000 habitantes. *La Voz de Galicia*. Recuperado de http://www.lavozdeg Galicia.es/ferrol/2010/07/11/0003_8604037.htm
- Osorio, J. D., e Correa, F. J. (2004). Valoración económica de costos ambientales: marco conceptual y métodos de estimación. *Semestre Económico*, 7(13), 159-196. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2929569>
- Osorio, J. D., e Correa, F. J. (2009). Un análisis de la aplicación empírica del método de valoración contingente. *Semestre Económico*, 12 (25), 11-30. Recuperado de <https://revistas.udem.edu.co/index.php/economico/article/view/272>
- Ostergren, D., Solop, F. I., e Hagen, K. K. (2005). National park service fees: Value for the money or a barrier to visitation? *Journal of Park and Recreation Administration*, 23(1), 18-36. Recuperado de https://www.researchgate.net/publication/228666340_National_Park_Service_fees_Value_for_the_money_or_a_barrier_to_visitation
- Pearce, D. W., e Turner, R. K. (1995). *Economía de los recursos naturales y del medio ambiente*. Madrid: Celeste.
- Pérez-López, M., e Roig-Munar, F. X. (2007). Valoración económica de los sistemas arenosos de Menorca: una contribución a la revalorización de la geomorfología litoral. En L. Gómez e J. Fornós. J. (Eds.), *Investigaciones recientes (2005-2007) en Geomorfología Litoral* (pp. 123-128). Palma de Mallorca: Impresrapit. Recuperado de http://digital.csic.es/bitstream/10261/14761/1/2007_Geomorfologia%20litoral_CostaBlancoMartinezPerez_Evidencias%20de%20eventos%20Heinrich.PDF
- Prada, A. (Dir.). (2001). *Valoración económica del patrimonio natural*. A Coruña: Instituto de Estudios Económicos, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Puignau, J. P. (1998). *Valoración económica en el uso de los recursos naturales y el medio ambiente*. Montevideo, Uruguay: IICA Biblioteca Venezuela-PROCISUR.
- Ramsar. (2018). *Perspectiva mundial sobre los humedales: Estado de los humedales del mundo y sus servicios a las personas*. Gland, Suiza: Secretaría de la Convención de Ramsar sobre los Humedales. Recuperado de <https://static1.squarespace.com/static/5b256c78e17ba335ea89fe1f/t/5b9ffde60e2e7277f629f8df/1537211926308/Ramsar+GWO.SPANISH.WE.B.pdf>
- Ramsar, e OMT. (2012). *Destino humedales: promoviendo el turismo sostenible*. Gland, Suiza: Secretaría de la Convención de Ramsar sobre los Humedales / Madrid: Organización Mundial del Turismo. Recuperado de https://www.ramsar.org/sites/default/files/documents/pdf/cop11/tourism-publication/Ramsar_UNWTO_tourism_S_Sept2012.pdf
- Reynisdottir, M., Song, H., e Agrusa, J. (2008). Willingness to pay entrance fees to natural attractions: An Icelandic case study. *Tourism Management*, 29(6), 1076-1083. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.tourman.2008.02.016>
- Robles, E. (2012). *Estudio del análisis social y económico de los servicios ambientales del sistema arrecifal coralino del Parque Nacional Huatulco*. Oaxaca, Oaxaca: Universidad del Mar.
- Samos, A., e Bernabéu, R. (2011). Valoración del uso recreativo del Parque Natural de los Calares del Mundo y de la Sima (Albacete, Castilla-La Mancha). *Forest Systems*, 20(2), 278-292. DOI: <https://doi.org/10.5424/fs/2011202-9216>

- Saz Salazar, S. del. (1996). *Valoración económica de espacios naturales: un fenómeno reciente*. Valencia: Universidad, Departamento de Economía Aplicada II. Recuperado de <http://www.ces.gva.es/pdf/conferencias/02/1.pdf>
- Saz, S. del., e Suárez, C. (1998). El valor de uso recreativo de espacios naturales protegidos. Aplicación del método de valoración contingente al Parque de L'Albufera. *Revista Española de Economía Agraria*, 182, 239-271. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=721695>
- Saz Salazar, S. del., e García Menéndez, L. (2002). Disposición a pagar versus disposición a ser compensado por mejoras medioambientales: evidencia empírica. En *IX Encuentro de Economía Pública, Hacienda y Medio Ambiente. Vigo, 7-8 de febrero de 2002*. Vigo: Universidade.
- Schläpfer, F., e Bräuer, I. (2007). Theoretical incentive properties of contingent valuation questions: Do they matter in the field? *Ecological Economics*, 62(3), 451-460. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.ecolecon.2006.07.006>
- SEO/BirdLife (s.d.). *Proteger los humedales. Una respuesta al cambio climático*. Recuperado de https://www.seo.org/wp-content/uploads/tmp/docs/Cuaderno_Proteger_Humedales.pdf
- Shultz, S., Pinazzo, J., e Cifuentes, M. (1998). Opportunities and limitations of contingent valuation surveys to determine national park entrance fees: evidence from Costa Rica. *Environment and Development Economics*, 3, 131-149. DOI: <https://doi.org/10.1017/S1355770X98000072>
- Steckenreuter, A., e Wolf, I. D. (2013). How to use persuasive communication to encourage visitors to pay park user fees. *Tourism Management*, 37, 58-70. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.tourman.2013.01.010>
- Sociedade Galega de Historia Natural (2017). *Estado da natureza en Galicia: 2. Uso público dos espazos protexidos*. Santiago de Compostela: Sociedade Galega de Historia Natural. Recuperado de <https://sghn.org/estado-do-espazos-naturais-e-a-biodiversidade-en-galicia-2/>
- Tapper, R., Hails, S., Zavagli, M., e Cabrini, L. (2012). *Destino humedales. Apoyando el turismo sostenible*. Gland, Suiza: Secretaría de la Convención de Ramsar / Madrid: Organización Mundial del Turismo. Recuperado de <https://www.e-unwto.org/doi/pdf/10.18111/9789284414703>
- Tarlombani, M. A. (2005). Turismo y sustentabilidad. Entre el discurso y la acción. *Estudios y Perspectivas en Turismo*, 14, 222-242. Recuperado de <https://www.redalyc.org/pdf/1807/180713883002.pdf>
- TEEB. (2013). The economics of ecosystem and biodiversity for water and wetlands. London, England: Institute for European Environmental Policy (IEEP) / Gland, Switzerland: Ramsar Secretariat. Recuperado de http://www.ramsar.org/sites/default/files/documents/library/teeb_waterwetlands_report_2013.pdf
- Togridou, A., Hovardas, T., e Pantis, J. D. (2006). Determinants of visitors' willingness to pay for the National Marine Park of Zakynthos, Greece. *Ecological Economics*, 60(1), 308-319. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.ecolecon.2005.12.006>
- Tomasini, D. (2008). Valoración económica del ambiente. En: L. Giuffré (Ed.), *Agrosistemas: impacto ambiental y sustentabilidad* (pp. 187-214). Buenos Aires, Argentina: Editorial Facultad de Agronomía, Universidad de Buenos Aires. Recuperado de http://redbiblio.unne.edu.ar/pdf/0603-003697_1.pdf
- UNESCO WWAP. (2015). Programa Mundial de Evaluación de los Recursos Hídricos de las Naciones Unidas (United Nations World Water Assessment Programme). *The United Nations World Water Development Report 2015: Water for a Sustainable World*. Paris, France: UNESCO.
- Urzainqui Miqueleiz, E., Andrés Gómez de Barreda, M. R. de, e Júdez Asensio, L. (2002). Valoración económica de humedales. Valor del uso recreativo de las Tablas de Daimiel. Metodología y resultados. En R. Llamas e P. Brufao (Coords.), *Conflictos entre el desarrollo de las aguas subterráneas y la conservación de los humedales: aspectos legales, institucionales y económicos* (pp. 243-262). Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=317>
- Wasantha, R. M. (2016). Willingness to pay for a novel visitor experience: ecotourism planning at Kawdulla National Park in Sri Lanka. *Tourism Planning & Development*, 13(1), 37-51. DOI: <https://doi.org/10.1080/21568316.2015.1074095>